

## Comunicado aberto ás traballadoras e traballadores do Ensino Concertado Galego

As organizacións sindicais UGT, CCOO Ensino, FEUSO, SNEP e CIG queremos trasladar ás traballadoras e traballadores do ensino concertado unha reflexión clara e necesaria.

Nos últimos meses fomos quen de construír unha unidade sindical ampla e responsable, baseada na lealdade, na unidade de acción e na defensa colectiva das condicións laborais do sector, poñendo por diante os intereses das persoas traballadoras fronte a calquera outro interese particular ou electoral.

De maneira consensuada acordamos unha folla de ruta e un calendario de mobilizacións en Galicia para esixir á Consellaría de Educación a apertura dunha mesa de negociación que permita avanzar en melloras reais para o persoal da concertada.

FSIE decidiu actuar unilateralmente, impulsando unha campaña de mobilizacións sen contar co resto das organizacións sindicais, tanto a nivel estatal como autonómico. TODOS os sindicatos con representatividade no sector compartimos plenamente a reivindicación da redución da carga lectiva para o persoal dos centros sostidos con fondos públicos e precisamente por iso consideramos que a forma de proceder de FSIE rompe coa lealdade mínima esixible: a defensa dos dereitos das persoas traballadoras non pode converterse nun instrumento ao servizo de intereses electoralistas nin de estratexias partidistas.

UGT, CCOO Ensino, FEUSO, SNEP e CIG intentamos reconducir a situación nun acto de responsabilidade e chamamos á recapitación de FSIE. A súa resposta foi autoritaria e fóra de lugar: debemos asumir por escrito todas as propostas de FSIE, pero quedamos á marxe da concentración que unilateralmente organizan para este venres 29 porque “xa teñen a pancarta preparada”. Impor un manifesto, romper co diálogo, rexeitar o debate e non propiciar o intercambio de ideas para chegar a consenso, compañeiros e compañeiras, está moi lonxe do que é a unidade e a ética sindical.

A caravana de coches de Vigo e da Coruña é unha proposta da unidade sindical, non de FSIE. Nós difundimos un cartaz consensuado, mentres FSIE, xa o venres, estaba apropiándose dunha mobilización que naceu do traballo colectivo.

Non todo vale e as persoas traballadoras merecen RESPECTO.

Seguiremos traballando desde a unidade, a responsabilidade e o compromiso co conxunto do sector. E, de novo, chamamos á responsabilidade de todos e todas para continuar coa unidade sindical das seis organizacións, porque só desde a acción colectiva, coordinada e leal poderemos conquistar as melloras laborais que todas e todos merecemos.

